

FUNCÍONS SINTÁCTICAS	IDENTIFICACIÓN (As preguntas non se deben tomar como 100% fiables, serven como guía)	EXEMPLO
PREDICADO	<p>Expresa unha acción, proceso ou estado do suxeito.</p> <p>O seu núcleo é o verbo.</p> <p>Contén o resto de complementos.</p> <p>É todo o que non sexa suxeito.</p>	<p>Eles <u>chegaron cedo</u>.</p> <p>Miñas primas <u>fixeron empanada</u>.</p>
SUXEITO	<p>É o elemento do que se di algo na oración. É quen fai a acción do predicado.</p> <p>Pode ser unha frase nominal ou unha frase preposicional (pouco frecuente).</p> <p>Concorda co verbo en persoa e número (ao modificar o suxeito cambia obrigatoriamente o verbo).</p> <p>Se se trata dunha palabra invariable, cámbiase</p> <p>Pode substituírse por un pronome.</p>	<p><u>Eles</u> chegaron cedo.</p> <p><u>Miñas primas</u> fixeron empanada.</p>
	Suxeito elíptico/ elidido: non está presente.	
COMPLEMENTO DIRECTO	<p>Atópase no predicado, é o elemento sobre o que recae a acción expresada polo verbo.</p> <p>Pode ser un substantivo, unha frase nominal, unha frase preposicional, un pronome persoal átono ou outra cláusula.</p> <p>Pode substituírse por o/a/os/as/ lo/la/los/las /no/na/nos/nas.</p> <p>Se pasamos a oración a pasiva, pasa a ser suxeito paciente.</p> <p>Responde á pregunta que?</p>	<p>Miñas primas fixeron <u>empanada</u>.</p> <p>As enfermeiras arrefriaron <u>o enfermo</u>.</p>
COMPLEMENTO INDIRECTO	<p>É o elemento do predicado que recibe o dano ou beneficio da acción expresada polo verbo e en ocasións tamén polo CD.</p> <p>Fórmase cunha frase preposicional (coa preposición "a") ou cunha frase nominal que ten como núcleo un pronome átono.</p> <p>Pode substituírse por lle/lles.</p> <p>Responde á pregunta a quen?</p>	<p>Comprei un ramo de flores <u>a miña nai</u>.</p> <p>Mercarémolle <u>ao teu mestre</u> unha torta de aniversario.</p>
ATRIBUTO	<p>Atópase no predicado e indica unha calidade do suxeito, co que concorda en xénero e número.</p> <p>Aparece sempre cos verbos copulativos: ser, estar, parecer, semellar...</p> <p>Pode substituírse por o, a, os, as, lo, la, los, las, no, na, nos, nas.</p>	<p>El está <u>entusiasmado</u>.</p> <p>Mercurio é <u>un planeta rochoso</u>.</p>
COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL	Atópase no predicado e indica en que circunstancias se realizou a acción verbal. Pode ser de diferentes tipos:	
	TEMPO	Cando? Irei á tenda <u>pola tarde</u> .
	LUGAR	Onde? Espero <u>na esquina</u> .
	MODO	Como? Escóitote <u>atentamente</u> .
	CANTIDADE	Canto? Ese home sabía <u>moito</u> .
	NEGACIÓN	"Non" <u>Non</u> atopo as chaves.
	CAUSA	Por que? <u>Polo seu mal comportamento</u> non irá.
	INSTRUMENTO	Con que? Preparei pizzas <u>con fariña integral</u> .
	COMPAÑÍA	Con quen? O domingo almorzarei <u>cos meus avós</u> .
	FINALIDAD	Para que? Trouxen xeados <u>para comer de sobremesa</u> .